
A TERRA DE ANNA

UNHA HISTORIA SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

Texto de JOSTEIN GAARDER

Tradución de DAVID A. ÁLVAREZ

Ilustración e deseño de portada de EMILY FORGOT


Encadernación rústica. 13,8 x 20,5 cm. 160 pax. 14 €.
ISBN 978-84-16721-14-6. Faktoría K de Libros. Narrativa.

“...Mais na Noitevella do ano en que Anna celebrou o seu décimo aniversario, non nevara nin nas alturas nin nos vales. A xeadada había xa tempo que chantara os dentes na terra, pero á parte de manchas aquí e acolá, na montaña non había neve. Mesmo o imponente cumio sobresaía vergoñentemente espido baixo o ceo, despois do branco abrigo invernal. Entre os adultos murmurábase algo de «quentamento global» e «cambio climático», e Anna tomou nota desas novas palabras. Por primeira vez na súa vida, tivo a impresión de que o mundo se estaba deteriorando...”

O día do seu cumpreanos, Anna recibe como agasallo un vello anel cun rubí. A partir de aí -como a Cassandra do mito grego- a rapaza comeza a ter soños premonitorios.

Unha noite é transportada desde a súa idílica cabana na montaña norueguesa ata o mundo desolado e agonizante no que vive a súa bisneta Nova, en 2082: o mar incrementara moitos metros o seu nivel e o planeta perdera a maior parte da súa riqueza, o deserto avanzara por todos os continentes, destruíranse numerosos ecosistemas e miles de especies de plantas e animais extinguíranse ou estaban en vías de desaparición. Ao espertar dese pesadelo, Anna e o seu amigo Jonas, xunto co doutor Benjamin, tentarán advertir a humanidade do perigo para evitar a catástrofe natural: o abuso do petróleo, a emisión descontrolada de CO2 á atmosfera, a deforestación das superficies arboradas... son moitas as ameazas reais e pouco o tempo para invertir a tendencia destrutiva que aboque a un escenario tan apocalíptico. O antigo anel que lle entregaran polo seu aniversario resultará ter máis importancia do que parecía.

Dirixida a lectores xuvenís e a público adulto, “A Terra de Anna” aborda o desafío medioambiental: a cabalo entre o pasado, o presente e o futuro, entre os seus ingredientes destacan a emoción e o misterio. Jostein Gaarder volve apostar por unha protagonista feminina, curiosa, idealista e valente para abordar as grandes cuestións sobre o mundo, a humanidade e a vida.



-
- **Temática:** preocupación polo medio ambiente.
 - **Idade recomendada:** a partir de 12 anos.
 - **Aspectos destacables:** mestura entre presente, pasado e futuro, o mundo dos soños; concepto de ecoloxía, efecto invernadoiro, quecemento global, desxeo, biodiversidade.
-

Jostein Gaarder

(Oslo, 1952)

Durante unha década foi profesor de Filosofía e Historia das Ideas nun instituto de Bergen. Comezou a súa traxectoria literaria en 1986 e en 1990 foi distinguido co Premio da Crítica e co Premio Literario do Ministerio de Cultura noruegos. Tamén foi galardoado co Premio Conde de Barcelona 1995, o Premio Arcebispo San Clemente 1996 e a Pluma de Prata 1996. “O mundo de Sofía” foi un éxito mundial, a raíz do cal creou a Fundación Sofía, que cada ano convoca un premio ao mellor labor innovador a prol do medio ambiente e da defensa da natureza.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2016»